

EXPEDIENTE:	2025/00038415R
PROCEDIMENTO:	Aprobacións plans e programas (DS)

A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 1 de setembro de 2025 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026.

A proposta é do seguinte teor literal:

Aprobación do procedemento de alta, prazos de solicitude de praza e gratuidade do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para curso 2025-2026.

ANTECEDENTES

O Espazo Educativo e de Lecer *María Miramontes* (Ludoteca das Fontiñas) está ubicado na Rúa Fontes do Sar, núm. 3, en Santiago de Compostela. Conta cunha superficie total construída de 1.080,50m² e unha superficie útil de 730,63 m², dividida en dúas plantas.

Este equipamento municipal está concibido para acoller espazos de xogo libre, espontáneo e creativo e tamén dirixido, co obxecto de proporcionar aos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 2 e os 12 anos, espazos acondicionados para o xogo, posibilidades de relacionarse, acceso a xogos e xoguetes e outros materiais lúdicos, animación á lectura, promoción do libro e todas aquelas propostas que favorezan, ademais, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar. Tamén está dispoñible como recurso educativo especializado para a utilización, en horario lectivo, polos centros de ensino do municipio de Santiago de Compostela.

Ten unha finalidade lúdica, socioeducativa, cívica, cultural e inclusiva, cun proxecto cuxo obxectivo principal é garantir o dereito dos nenos e nenas ao xogo e a colaborar, así, no desenvolvemento integral da persoa, polo que está equipado cun fondo organizado de xogos, xoguetes, libros e outros elementos lúdicos adecuados á súa idade. Inclúen espazos psicomotrices, áreas de xogo simbólicas e tamén xogos multimedia.

A xestión do equipamento está externalizado a través dun contrato de servizos. A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 21 de agosto de 2023 acordou aprobar a orde de continuidade á asociación “Escola de Tempo Libre Don Bosco”, na prestación do servizo no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes. Un equipo de profesionais guía ás persoas usuarias na selección de xogos sensoriais, de manipulación, de movemento, de construción e de regras, de xogos multimedia simbólicos e axeitados á idade. Fomenta

tamén a participación dos nenos e nenas no campo sociocultural e en actividades da súa contorna.

Este programa está cofinanciado polo **Plan Corresponsables**, do Ministerio de Igualdade, Goberno de España e da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, en base á Resolución do 21 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade, pola que se publica a Resolución do 20 de maio de 2025 que pon fin ao procedemento de concesión das subvencións convocadas mediante a Orde do 3 de xaneiro de 2025, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade - Programa do Plan Corresponsables no ámbito local.

OBXECTIVOS:

- Ofrecer un espazo axeitado para o xogo, favorecedor do desenvolvemento psicomotor, cognitivo, crítico, creativo e afectivo do neno/a.
- Traballar na creación dunha nova concepción do xoguete, ampliando a exclusividade do xoguete comercializado.
- Favorecer unha relación distinta co obxecto lúdico, a través da manipulación, recreando o seu uso, a través dun proceso globalizador de invención, construción, reparación e transformación.
- Fomentar todo tipo de iniciativas e actividades arredor da promoción do libro e da animación á lectura.
- Colaborar moi especialmente na promoción da lingua galega, do xogo popular e tradicional, da animación á lectura e na recuperación de xogos e xoguetes que teñan que ver co noso acervo cultural propio.
- Facilitar a conciliación familiar

CONSIDERACIÓNS

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como os artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. CARACTERÍSTICAS XERAIS DO SERVIZO:

Para poder participar no programa de actividades no Espazo Miramontes é necesario cumprir co seguinte proceso de admisión (agás que sexan actividades destinadas a familias):

2.1. PROCEDEMENTO DE ALTA:

1. Todas as persoas que desexen participar nas actividades da Ludoteca (tanto nos períodos lectivos como non lectivos) deben estar dadas de alta como requisito imprescindible (modelo de solicitude ED009 Educación) dispoñible na sede electrónica do Concello. Deberán cubrir a solicitude e facilitarán a información e documentación correspondente, autorizarán a estadia do menor na instalación e aceptarán as condicións de funcionamento interno. O procedemento de alta

estará aberto os doce meses do ano (agás nos períodos de solicitudes de praza).

O formulario poderá descargarse da sede electrónica do concello de Santiago www.sede.santiagodecompostela.gal ("*Todos os trámites*". Unidade tramitadora: Educación) e da específica do Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes:

www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal.

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A documentación a achegar polos interesados/as no momento da alta é a seguinte:

Documentación obrigatoria:

- Solicitud "Modelo ED009", cuberta.

Documentación complementaria dependendo da situación familiar:

- Fotocopia do Certificado de familia numerosa.
- Documentación acreditativa da titoría/custodia.
- A situación de monoparentalidade acreditarase co certificado correspondente.
- Informe dos Servizos Sociais nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que viva a unidade familiar.
- Certificado do centro educativo no que está matriculado/a o/a/ neno/a no caso de non estar empadroadado no Concello de Santiago de Compostela.
- Copia da resolución administrativa de acollemento.
- Documentación acreditativa nas situacións de dependencia, discapacidade, separación ou divorcio.
- Acreditación da representación, se procede.

2. Unha vez realizado o trámite, o centro facilitará un número de alta que permitirá solicitar diferentes servizos a través da web do centro.
3. Solicitarase a inscrición no programa para a actividade ou actividades ofertadas cubrindo o formulario correspondente da páxina web do centro.
4. O procedemento de alta está aberto os 12 meses do ano. O centro **non tramitará altas** nos períodos de solicitudes de praza.

A alta do servizo non garantiza o uso inmediato do mesmo dadas as limitacións de espazo e a normativa correspondente. Para poder facer uso do servizo, as persoas dadas de alta que teñan a confirmación correspondente e que desexen facer uso

do mesmo deberán solicitar a praza, cunha antelación mínima de 2 días hábiles na web do centro co fin de poder xestionar con antelación a dispoñibilidade de prazas.

2.2 POBOACIÓN DESTINATARIA:

Nenos e nenas empadroados ou que estean matriculados nun centro de ensino no municipio de Santiago de Compostela. O centro dispón dun total de 73 prazas autorizadas pola secretaría técnica de Política Social da Xunta de Galicia.

Tramo de idades	Unidades	Capacidade máxima
2* - 3** anos	1	20
4 - 6 anos	1	30
7 - 12 anos	1	23

**nenos e nenas de 2 anos acompañados dunha persoa adulta autorizada.*

***nos períodos non lectivos o servizo ofertarase a partir de 3 anos escolarizados.*

As prazas, as idades e a distribución dos grupos por idades poden sufrir variacións condicionadas polas directrices establecidas pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

2.3. CALENDARIO E HORARIO DE FUNCIONAMENTO:

O programa funcionará os doce meses do ano.

En **horario lectivo** (segundo o calendario escolar aprobado pola Xunta de Galicia para o curso 2025-2026), o programa funcionará nas seguintes franxas horarias:

- Mañás: venres e sábado de 10.30 h a 13.30 h.
- Tardes: de luns a sábado de 16.00 h a 20.00 h.
- Atención familias: mércores de 16:00h a 20:00h e venres de 10:30h a 13:30h.

En **horario non lectivo** (Nadal, Entroido, Semana Santa e verán), o programa funcionará nas seguintes franxas horarias:

- Luns a venres: 7:45 a 15:00 horas.

Dada a especial natureza do programa, orientada a dar satisfacción ás necesidades de conciliación de vida persoal, laboral e familiar das persoas usuarias, o programa non funcionará nin os domingos nin os días festivos.

2.4. DISTRIBUCIÓN DOS GRUPOS:

- Bebeteca: Nados no 2023 e 2022 (2 anos cumpridos no momento da solicitude de praza).

- Pequeteca: Nados no 2021, 2020 e 2019.
- Maiorteca: Nados en 2018, 2017, 2016, 2015, 2014 e 2013 (ata cumprir 13 anos).

3. MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN/DISTRIBUCIÓN DAS QUENDAS:

O servizo préstase en diferentes modalidades tendo como xustificación a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas usuarias do centro. Polo citado motivo, as persoas interesadas terán dúas modalidades de participación: período lectivo e períodos non lectivos.

3.1 PERÍODO LECTIVO:

Este equipamento está pensado para responder ás necesidades da cidadanía e garantir o seu dereito a utilizalas. É por iso que o acceso aos seus servizos debe combinar un sistema de rotación e xestión da lista de agarda para permitir o uso e desfrute do maior número de nenos e nenas posible. As persoas solicitantes deberán ter tramitada a solicitude de alta (punto 2.1).

O período lectivo no Espazo Miramontes comprende as seguintes modalidades de participación: "*Tardes, Mañás dos venres, Sábados Abertos e Sábados Temáticos*". A dinámica xeral de participación é a seguinte:

A. TARDES (servizo de luns a venres de 16:00 a 20:00).

- **Bebeteca** (nados no 2023 e 2022):
 - Quendas de 1 hora e 30 minutos.
 - Quendas diferenciadas para nenos e nenas nados no 2022 e no 2023.
 - Nenos e nenas de 2 anos acompañados dun/ha titor/a legal.
 - Distribución das quendas:
 - 1ª quenda: 16.30 h - 18.00h. 2ª quenda: 18.00 h - 19:30h.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:30 - 18:00	2023	2022	2023	2022	2023
18:00 - 19:30	2022	2023	2022	2023	2022

- **Pequeteca** (nados no 2021, 2020 e 2019):
 - Quendas de 2 horas.
 - Distribución das quendas:
 - 1ª quenda: 16.00 h - 18.00 h. 2ª quenda: 18.00 h - 20.00 h.
- **Maiorteca** (nados en 2018, 2017, 2016, 2015, 2014 e 2013 (ata cumprir 13 anos):

- Quendas de 2 horas.
- Distribución das quendas:
 - 1ª quenda: 16.00 h - 18.00 h. 2ª quenda: 18.00 h - 20.00 h.

Para facilitar a participación do maior número de persoas, establécese o seguinte:

- Máximo 4 quendas semanais por persoa, agás que haxa prazas dispoñibles noutras.
- Se hai máis solicitantes que prazas en cada quenda, o centro asignará as prazas en función dos criterios de prioridade que se sinalan no punto 5 do presente documento.
- Cada grupo e quenda terá ao menos 5 persoas usuarias. Se non é o caso, a quenda queda pechada por falta de demanda suficiente.
- As quendas pechadas poderán abrirse se, ao longo do curso, a demanda supera as prazas mínimas.
- As quendas pechadas liberarán os espazos para o uso libre das familias - sen persoal monitor- dentro da organización e quendas establecidas.

O centro permitirá a participación esporádica sempre e cando: estea de alta no servizo, haxa prazas libres na quenda de interese e avise por teléfono ou mail antes do inicio da quenda. Esta participación ten que axustarse aos horarios e prazas establecidas.

B. MAÑÁS DOS VENRES (servizo os venres de 10:30 a 13:30 h.)

O centro permanecerá aberto para a realización de actividades grupais programadas cos centros educativos de infantil e primaria, centros de formación profesional, universidade e outras entidades do ámbito educativo ubicadas no Concello de Santiago e na Provincia de A Coruña.

Os centros educativos interesados en facer uso do centro terán que reservar a través da páxina web as datas desexadas cunha antelación de dúas semanas. O alumnado participante estará acompañado en todo momento co seu profesorado.

As agrupacións responderán á organización habitual do grupo-aula e o persoal do centro traballará como máximo con dous grupos simultaneamente (só en infantil e primaria).

O equipo do Espazo Miramontes está aberto a programar actividades en coordinación cos centros educativos co fin de contribuír ao desenvolvemento integral das participantes.

C. SÁBADOS (servizo os sábados de 10:30 a 13:30 e de 16:00 a 20:00 horas).

- Sábados abertos: participación libre con actividades programadas. Non é precisa a presenza de persoas adultas (agás nos casos de nenos /nenas de 2 anos e nenos/nenas sen alta).
- Sábados temáticos: actividades temáticas dirixidas a público familiar con aforo limitado. É imprescindible a presenza de ao menos, unha persoa adulta acompañante.

A participación nos sábados será sempre baixo inscrición na páxina web do centro. As horas dos sábados non computan no total semanal (de luns a venres).

3.2 PERÍODOS NON LECTIVOS:

Os períodos non lectivos (“*Vacaludos*”) son catro ao longo do curso 25/26: Nadal, Entroido, Semana Santa e Verán. O calendario e a distribución dos catro programas de conciliación é a seguinte:

Vacaludos Nadal: modalidade de dúas quendas:

QUENDAS	DATAS	TOTAL DÍAS
1ª QUENDA	Do 22 ao 31 de decembro	7
2ª QUENDA	do 2 ao 7 de xaneiro	3

- As persoas usuarias poderán desfrutar dunha quenda, agás que haxa prazas dispoñibles na outra.
- No caso de quedar prazas baleiras nalgunha das quendas asignaranse tamén segundo os criterios de prioridade indicados no punto 5 e será a única vía para a adxudicación de máis de 1 quenda.
- As persoas usuarias deberán solicitar, unicamente e por orde de prioridade, as quendas de interese.

Vacaludos Entroido:

- Modalidade: quenda única os días 16, 17 e 18 de febreiro de 2026.
- As persoas usuarias que soliciten e desfruten o programa “Vacaludos Entroido”, non terán prioridade para as “Vacaludos Semana Santa” (agás queden prazas dispoñibles).

Vacaludos Semana Santa:

Modalidade: quenda única os días 30, 31 de marzo, 1 e 6 de abril de 2026.

2ª QUENDA	Do 1 ao 15 de xullo de 2026 (1, 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10, 13, 14 e 15).	11 días
3ª QUENDA	Do 16 ao 31 de xullo de 2026 (16, 17, 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 29, 30 e 31).	12 días
4ª QUENDA	Do 3 ao 14 de agosto de 2026 (3, 4, 5, 6, 7, 10, 11, 12, 13 e 14).	10 días
5ª QUENDA	Do 17 ao 31 de agosto de 2026 (17, 18, 19, 20, 21, 24, 25, 26, 27, 28 e 31).	11 días
6ª QUENDA	Do 1 ao 7 de setembro de 2026 (1, 2, 3, 4 e 7*).	5 días aprox

Vacaludos Verán: modalidade de 6 quendas.

:* O derradeiro día da quenda 6 marcará o inicio do curso 2026/2027

- As persoas usuarias poderán desfrutar dun máximo dunha quenda, agás que haxa prazas dispoñibles noutras.
- No caso de quedar prazas baleiras nalgunha das quendas asignaranse tamén segundo os criterios de prioridade indicados no punto 5.1 e será a única vía para a adxudicación de máis de 1 quenda.
- As persoas usuarias deberán solicitar, unicamente e por orde de prioridade, as quendas de interese.

O centro asignará as prazas en función dos criterios de acceso e da prioridade seleccionada polas familias solicitantes.

As familias deberán confirmar a praza asignada nos prazos establecidos. A praza confirmarase a través da web do centro.

As persoas solicitantes que non confirmen as prazas nos prazos indicados (punto 4), perderán a praza adxudicada.

Só se permitirá un 20% de faltas de asistencia por quenda, agás por motivos debidamente xustificadas. É obriga das familias comunicar ao centro a ausencia con antelación.

A renuncia á praza despois de confirmala e as ausencias non xustificadas (máis do 20%), suporán a exclusión dos seguintes programas de “Vacaludos”. No caso de ser no “Vacaludos Verán” as solicitudes do 2026/2027 serán as excluídas.

4. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE PRAZA:

Aqueles nenos/as que xa están dados de alta deben cubrir o formulario de solicitude da web para o programa de interese:
www.espazolecermariamiramontes.santiagodecompostela.gal.

Unha vez realizado este trámite, o centro publicará unha listaxe de solicitudes admitidas. Recibirán comunicación mediante correo electrónico e publicarase o estado das solicitudes na páxina web do centro.

Será obrigatorio presentar un certificado de emprego actualizado no que consten os horarios de traballo e as datas das quendas de interese, na solicitude de praza. Se as circunstancias familiares mudaron dende a data de alta no Espazo Miramontes deberán acreditarlo coa documentación actualizada correspondente adxuntándoa a través do rexistro ou sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela.

4.1. PRAZO DE SOLICITUDE PARA O PERÍODO LECTIVO:

- Solicitude de praza: do 5/09/2025 ao 10/09/2025 (ámbolos dous inclusive).
- Listaxe de admitidos/as 17/09/2025.
- Confirmación de praza: do 18/09/2025 ao 20/09/2025.
- Inicio das actividades: 29/09/2025.

Durante o prazo de solicitude e asignación de prazas o centro organiza unhas xornadas de portas abertas que requiren inscrición previa na páxina web.

Queda aberta a inscrición fóra dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada de solicitude na web do centro. A inscrición será só para as quendas e prazas que queden dispoñibles. As persoas que desexen facer uso do servizo deberán facer a solicitude da súa praza cunha antelación mínima de dous días hábiles. A solicitude de praza non terá que ser renovada ata o inicio do seguinte curso escolar.

4.2. PRAZO DE SOLICITUDE PARA PERÍODOS NON LECTIVOS (VACALUDOS):

Os períodos non lectivos terán procesos de solicitude de praza independentes. O centro non terá en conta as solicitudes de alta realizadas dentro do prazo de solicitude de praza. Os prazos son os seguintes:

- *Vacaludos Nadal:*

- Solicitude de praza: do 3/11/2025 ao 7/11/2025 (ámbolos dous inclusive).
- Listaxe de admitidos/as: 19/11/2025.
- Confirmación de praza: Do 20/11/2025 ao 25/11/2025.

- *Vacaludos Entroido:*

- Solicitude de praza: do 5/01/2026 ao 9/01/2026 (ámbolos dous inclusive)
- Listaxe de admitidos/as: 21/01/2026.
- Confirmación de praza: Do 22/01/2026 ao 27/01/2026.

- *Vacaludos Semana Santa:*

- Solicitud de praza: do 9/02/2026 ao 13/02/2026 (ámbolos dous inclusive).
- Listaxe de admitidos/as: 25/02/2026.
- Confirmación de praza: do 26/02/2026 ao 03/03/2026.
- *Vacaludos Verán:*
 - Solicitud de praza: 27/04/2026 ao 4/05/2026 (ámbolos dous inclusive).
 - Listaxe de admitidos/as: 20/05/2026.
 - Confirmación de praza: Do 21/05/2026 ao 27/05/2026.

5. ASIGNACIÓN DE PRAZAS:

Durante todo o ano, este equipamento está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa no horario de apertura do centro. Polo tanto é imprescindible que as familias acrediten fiel e responsablemente as circunstancias laborais na/s quenda/s solicitadas.

5.1 CRITERIOS DE PRIORIDADE PARA A ASIGNACIÓN DE PRAZAS:

No caso de que houbera máis solicitantes que prazas nas diferentes quendas ou programas é preciso establecer orde de preferencia na asignación entre aquelas persoas que están dadas de alta no servizo e presentaron a solicitude de participación en calquera dos programas ofertados dentro dos prazos establecidos.

Os criterios para a asignación de prazas ordeados de maior a menor grao de prioridade son os seguintes:

1. Vítimas de violencia de xénero, co informe dos Servizos Sociais, que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
2. Familias con nenos e nenas en acollida e nas que os/as dous/dúas titores/as legais traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
3. Familias monoparentais que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
4. Familias nas que traballen os/as dous/dúas titores/as legais e ao menos un/ha deles/as estea traballando fóra da comunidade autónoma de Galicia no horario de funcionamento do programa.
5. Familias con ao menos un/ha titor/a legal ou un fillo ou filla en situación de dependencia.
6. Familias con ao menos un/ha titor/a legal con discapacidade igual ou superior ao 65% e outro que traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento d.o programa..
7. Familias separadas ou divorciadas nas que o/a titor/a legal que teña a custodia no momento da solicitude traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.

8. Familias numerosas cos/as dous/dúas titores/as legais que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
9. Familias cos/coas dous/dúas titores/as legais que traballen ou estean en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.
10. Familias con ao menos un/ha titor/a legal en desemprego e outro que traballe ou estea en tránsito do traballo a casa no horario de funcionamento do programa.

No caso de non ser suficiente cos criterios de prioridade para asignación de praza, o centro:

Dará prioridade as solicitudes das persoas usuarias con praza no período lectivo e que cumpran cos seguintes requisitos:

- o Ter adxudicada praza dende o inicio do período lectivo o 29/09/2025.
- o Ter participado ao menos nun 80% do programa, agás faltas xustificadas.

En relación aos criterios de prioridade para a asignación de prazas:

As situacións familiares descritas nos puntos 1, 2 ,3 ,4, 5, 6, 7 e 8 deberán acreditar a súa situación mediante a documentación administrativa correspondente (certificado de monoparentalidade, informe de Servizos Sociais, informe médico, sentenza, etc.):

1. Aquelas persoas que traballen a quendas, teñan flexibilidade horaria ou sexan persoal docente terán que aportar un certificado de emprego actualizado no que indique o horario no que traballarán durante as quendas desexadas. Non se terán en conta os certificados ou declaracións xerais que non acrediten as circunstancias específicas da familia nas quendas solicitadas.
2. É responsabilidade única das persoas interesadas a entrega dos certificados e declaracións de horario laboral actualizados.
3. A ausencia non xustificada (do máis do 20%) a calquera programa no período non lectivo será un criterio excluínte nas seguintes solicitudes. As ausencia non xustificada no verán exclúe as solicitudes do curso 2026/2027
4. Aquelas familias que non precisen conciliar pero que desexen participar poderán facelo se hai prazas baleiras.
5. Para aplicar os criterios de prioridade nos catro períodos de “Vacaludos” establecidos no apartado 5.1, será preciso aportar un certificado de emprego por cada representante legal da unidade familiar. No certificado deberá quedar acreditado obrigatoriamente que durante o período e quenda solicitada están traballando ou en tránsito.

6. A falta de presentación, coa solicitude, da documentación acreditativa dos criterios para a asignación de prazas (e que non constitúe un requisito de acceso ao programa) non será obxecto de emenda e non será tida en conta para a asignación de prazas.
7. No caso de non acreditarse as situacións anteriormente sinaladas, as solicitudes irán a sorteo público, en caso de ter que realizarse, en igualdade de condicións.
8. As solicitudes que non aporten a documentación precisa tramitaranse unha vez rematadas as solicitudes correctamente presentadas.

5.2.- SORTEO PÚBLICO

Realizarase un sorteo público para aqueles casos nos que unha vez aplicados os criterios de prioridade, o número de solicitudes supere ao número de prazas. Aplicarase a fórmula “ALEATORIO.ENTRE (Ax;Ay)” no documento onde figuran os números de alta introducidos de maneira aleatoria e atribuíndo a cada solicitante un número nese listado. O resultado da aplicación da fórmula dará un número X que será o que obteña praza en primeiro lugar e tamén os sucesivos ata completar as prazas dispoñibles. Completadas as prazas, o resto pasará a formar parte dunha listaxe de agarda.

O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do centro e do Concello de Santiago.

6. RÉXIME DE PREZOS:

De balde, de acordo co recollido no Prego de Prescricións Técnicas que rexen este contrato e que establece a gratuidade do programa para a implementación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal ubicada no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para o curso 2025-2026.
- 2.- Aprobar o procedemento e os prazos de inscrición para os períodos lectivos e non lectivos no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes, durante o curso 2025-2026.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o procedemento de alta e acceso no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes para o curso 2025-2026.

2.- Aprobar o procedemento e os prazos de inscrición para os períodos lectivos e non lectivos no Espazo Educativo e de Lecer María Miramontes, durante o curso 2025-2026.